



Vigo, 10 de novembro de 2021.

Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo **EXPÓN:**

- Que o día 3 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou en sesión extraordinario e urxente o Proxecto de Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o ano 2022. Expte. 72/142.

-Que se deu traslado aos grupos municipais dunha copia do mencionado expediente acordándose abrir un prazo de emendas ata o día 11 de novembro de 2021

De conformidade cos artigos 81 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello formula as seguintes

## EMENDAS

### ÚNICA.- Á TOTALIDADE DO PROXECTO.

Preséntase un proxecto de orzamentos de 285,5 M de Euros.

No exercicio anterior houbo unha importante subida dos tributos municipais, moi por riba do IPC, subida que o goberno mantivo durante este exercicio pretende manter para o vindeiro ano.













O proxecto actual de peonalización da Porta do Sol condena ao Paseo de Alfonso a non ser xamais peonal, como é a súa vocación e se prevé no PEPRI do Casco Vello. A Rúa Elduayen deixa de ser unha rúa para converterse na rampla de acceso e saída do túnel previsto, o que é absolutamente impropio para unha rúa no centro histórico. É preciso contemplar nos orzamentos consignación específica para abordar de inmediato a peonalización de Elduayen e do Paseo de Alfonso e evitar que un novo retraso dun ano fagan imposible o proxecto. É preciso abordar ese proxecto agora que se tramita xa o Barrio do Cura e a actuación da Panificadora e consignar fondos en contía que permita realizar os estudos para atopar a mellor solución, redactar os proxectos e iniciar a obra neste mesmo ano.

Procede, e así o pedimos, a devolución do proxecto á Xunta de Goberno Local

Vigo, a 11 de novembro de 2021

Alfonso Marnotes González

Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular

